PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES REGULADOR DA ADXUDICACIÓN EN RÉXIME DE CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL PARA EXPLOTACIÓN DO BAR-CAFETARÍA SITO NA GRANXA DO XESTO

I
DISPOSICIÓNS XERAIS

CLÁUSULA 1ª.-OBXECTO E NECESIDADE DO CONTRATO.

O obxecto do contrato será a adxudicación da concesión consistente na utilización privativa e explotación dun local de propiedade municipal destinado a Bar-Cafetaría, situado no parque Granxa do Xesto, cunha superficie aproximada de 50 m² para uso como terraza.

A necesidade da contratación: Mediante a presente concesión preténdese proporcionar un lugar de lecer que contribúa a satisfacer as necesidades dos usuarios que acoden a este espazo público, encaixando así no ámbito das competencias descritas no art. 25.2 m) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, que establece que os Concellos deben exercer competencias en materia de actividades ou instalacións culturais, recreativas e deportivas e de ocupación do tempo libre.

Dado o obxecto e natureza do contrato, sendo o Bar-Cafetaría unha unidade funcional non susceptible materialmente de división, non se procede á división en lotes do mesmo.

CLÁUSULA 2ª.-NATUREZA XURÍDICA.

A natureza da relación xurídica que vinculará a empresa adxudicataria da presente licitación co Concello de Santiago será a dimanante da concesión demanial outorgada para o uso privativo e explotación do local municipal destinado a Bar-Cafetaría situado no parque Granxa do Xesto, sendo a empresa adxudicataria titular dun dereito real administrativo sobre o inmoble susceptible como tal de inscribirse no Rexistro da Propiedade.

A concesión outórgase a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

A xestión terá o carácter de actividade privada da empresa concesionaria.

As relacións entre o concesionario e o público usuario non afectarán o Concello Santiago de Compostela.

A concesión outórgase a risco e ventura do concesionario, sen que teña dereito a obter indemnizacións, modificacións na concesión ou subvencións por cumprimento de obrigacións, déficit de xestión, etc. salvo nos supostos expresamente previstos no presente Prego.

CLÁUSULA 3ª.-RÉXIME XURÍDICO.

ENTIDADE TRAMITADORA: Sección de contratación * Rúa Presidente Salvador Allende 6-8 * 15705 * Tel. 981 543 033 * contratacion@santiagodecompostela.gal *
CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal *

As partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste Prego e no Prego de Prescricións Técnicas. Para o non previsto nos pregos, a concesión rexerase:

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.
- Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- R.D. Lexislativo 781/86 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Supletorimante aplicarase a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

Calquera outras disposicións que regulen a contratación, tanto a nivel estatal como autonómico e local e que resulten aplicables ao ámbito local, con carácter supletorio aplicaranse as restantes normas de Dereito Administrativo e na súa falta, as normas de Dereito Privado.

CLÁUSULA 4ª.-ÓRGANO COMPETENTE.

O órgano competente para o outorgamento é a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela.

CLÁUSULA 5ª.- UNIDADE ENCARGADA DO SEGUIMENTO DA EXPLOTACIÓN.

A unidade encargada do seguimento estará formada por persoal de Parques e Xardíns.

CLÁUSULA 6ª.-CANON DA CONCESIÓN.

O canon anual que deberá abonar o concesionario será o que conste na oferta que resulte adxudicataria, correspondendo o tipo mínimo anual da licitación á cantidade de 4.964’40 euros, que ten carácter de taxa e, polo tanto, non está suxeita a IVE**.**

A contía fixada como tipo mínimo anual da licitación haberá ser mellorada mediante o seu incremento á alza na oferta presentada á licitación, sen que en ningún caso acéptense polo órgano de contratación ofertas que non superen o tipo mínimo anual.

A oferta económica realizada en concepto de canon concesional será abonada do seguinte modo:

A) A primeira anualidade, nos quince días seguintes ó acto de sinatura do contrato de concesión administrativa.

ENTIDADE TRAMITADORA: Sección de contratación * Rúa Presidente Salvador Allende 6-8 * 15705 * Tel. 981 543 033 * contratacion@santiagodecompostela.gal *
CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal *

B) O resto do canon, será abonado de forma fraccionada a partir do ano seguinte desde a data de formalización da concesión ata da finalización, mediante pagos sucesivos e equivalentes, no primeiros quince días de cada anualidade anticipada.

CLÁUSULA 7ª.-DURACIÓN DA CONCESIÓN.

A presente concesión terá fixado como prazo de duración o de tres (3) anos que haberá de computar desde a súa formalización en documento administrativo.

No entanto, a presente concesión poderá ser prorrogada por períodos dun ano, de mutuo acordo das partes, sen que poida exceder a duración total, incluída as prórrogas, de cinco (5) anos.

A prórroga da concesión haberá de ser expresa, sen que poida producirse polo consentemento tácito das partes. Para iso, o concesionario deberá comunicar fidedignamente a súa vontade de ampliar a concesión con polo menos catro meses de antelación ao prazo do vencemento da mesma.

CLÁUSULA 8ª.-TERMINACIÓN DA CONCESIÓN.

A concesión extinguirase automaticamente nos casos previstos neste prego e, en todo caso, por vencemento, caducidade ou extinción da mesma.

Sexa cal fose a causa de terminación da concesión no momento en que se produza a mesma reverterá o local municipal destinado a Bar-Cafetaría e as súas instalacións de modo automático ao Concello de Santiago de Compostela, ao que se entregarán en perfecto estado de conservación e libres de calquera carga ou gravame, dentro do prazo de quince días a contar desde a data de terminación da concesión, coas melloras realizadas no mesmo polo concesionario.

CLÁUSULA 9ª.- CAPACIDADE PARA SER TITULAR DA CONCESIÓN DEMANIAL

As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións para contratar deberán determinarse con referencia á data de remate de presentación das ofertas e subsistir no momento de perfeccionar o documento administrativo.

As empresas licitadoras deberán presentar os documentos que acrediten a representación para licitar previamente verificada. Os documentos acreditativos da representación serán cualificados polo letrado do servizo xurídico municipal ou funcionario que posúa a delegación para facelo consignando expresamente a manifestación respecto de se a documentación achegada é bastante para que o representante exerza as facultades de licitar en relación co expediente concreto.

9.1. **Capacidade**

Poderán ser titulares de concesións de dominio público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en ningunha das prohibicións para contratar previstas no artigo 71 da LCSP (extremo que se poderá acreditar por

ENTIDADE TRAMITADORA: Sección de contratación * Rúa Presidente Salvador Allende 6-8 * 15705 * Tel. 981 543 033 * contratacion@santiagodecompostela.gal *
CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal *

calquera dos medios establecidos no artigo 85 da LCSP) e acrediten a súa solvencia económico-financeira e técnica ou profesional.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas, ter unha finalidade, obxecto ou ámbito de actividade que teña relación directa co obxecto da concesión, segundo resulte das súas respectivas escrituras, estatutos ou regras fundacionais, e dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

As empresas non españolas de estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de estaren inscritas no rexistro que proceda consonte a lexislación do estado onde estean establecidas ou mediante unha declaración xurada ou un certificado nos termos que correspondan regulamentariamente.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante un informe expedido pola misión diplomática permanente ou pola oficina consular de España que corresponda ao domicilio da empresa.

9.2. **Solvencia**

9.2.1. Ó tratarse dunha concesión cun valor estimado inferior a 35.000 euros os licitadores non deberán acreditar a súa solvencia económica ou financeira. Porén, sí que se considera preciso, en atención a natureza da concesión, a acreditación da solvencia técnica segundo o disposto no artigo 90 da LCSP:

1º A relación dos traballos de igual ou similar natureza á do obxecto do contrato executados nos últimos tres anos, acompañada de certificados de boa execución nos que se faga constar o seu importe, data e destinatario.

2º Persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, que participarán no contrato, cos títulos académicos das persoas responsables da súa execución e dos técnicos encargados directamente dela.

3º Maquinaria e equipo técnico adscrito á execución do contrato.

Cando a empresa sexa de nova creación (antigüidade inferior a cinco anos), a súa solvencia técnica acreditarase polos medios 2º e 3º.

9.3. **Se a empresa resulta proposta como adxudicataria**, requiriráselle que presente os seguintes documentos para acreditar a súa personalidade, a capacidade de obrar e a representación, se é o caso, da persoa que asina da proposición, na forma seguinte:

9.3.1. Documento de identidade, cando se trate de persoas físicas. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar a escritura de constitución, e de modificación se é o caso, inscritas no rexistro

ENTIDADE TRAMITADORA: Sección de contratación * Rúa Presidente Salvador Allende 6-8 * 15705 * Tel. 981 543 033 * contratacion@santiagodecompostela.gal *
CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal *

mercantil, cando este requisito sexa exixible consonte a lexislación aplicable. Se non o é, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no rexistro oficial que sexa preceptivo.

As empresas non españolas de estados membros da Unión Europea, ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, deberán acreditar a súa capacidade de obrar presentando unha certificación de que están inscritas no rexistro que corresponda de acordo coa lexislación do estado onde estean establecidos ou unha declaración xurada ou certificado nos termos determinados regulamentariamente.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante un informe expedido pola representación diplomática española no estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Cando a empresa licitadora actúe mediante representante, este deberá presentar un documento fidedigno que acredite a existencia da **representación** e o ámbito das súas facultades para licitar, convenientemente verificado. Presentar a dilixencia da verificación do documento de apoderamento exime de presentar o propio documento.

Se varias empresas acoden á licitación constituíndo unha **unión temporal**, cada unha delas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias de todas as que a subscriben, a participación de cada unha, así como o compromiso de constituírense formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultaren adxudicatarias do contrato e de designaren un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a súa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa (artigo 69 da LCSP).

As empresas que liciten en unión temporal deberán acreditar individualmente os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

9.3.2. Testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable do licitador, outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de que a empresa non está incursa nas prohibicións para contratar coa administración consonte o artigo 71 da LCSP. Así mesmo, presentará a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A esixencia de estar ó corrente nas obrigas económicas de calqueira tipo co Concello de Santiago de Compostela, comprobarase de oficio por esta Administración.

ENTIDADE TRAMITADORA: Sección de contratación * Rúa Presidente Salvador Allende 6-8 * 15705 * Tel. 981 543 033 * contratacion@santiagodecompostela.gal *
CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal *

Cando se trate de empresas de estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

9.3.3. Para as empresas estranxeiras, declaración de que se someten á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponderlles.

9.3.4. O certificado de que empresa está inscrita no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, da Deputación da Coruña ou do Concello de Santiago de Compostela, eximirá de presentar a seguinte documentación:

. Personalidade e representación a que se refire a cláusula 9.4.1 deste prego, a condición de que a representación sexa a mesma que conste no certificado achegado. Non obstante, a mesa de contratación poderá requirir a achega da dita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.

. Certificado de clasificación (de ser esixible), a condición de que no certificado do rexistro de contratistas conste a clasificación referida ao obxecto do contrato, ou, se é o caso, documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica.

. Declaración responsable a que se refire a cláusula 9.3.2.

O certificado do rexistro de contratistas deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que a empresa licitadora manifeste que as circunstancias reflectidas nel non experimentaron variación.

Toda a documentación que presenten as empresas licitadoras deberá ser orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas consonte a lexislación vixente na materia.

II
PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

CLÁUSULA 10ª.-PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE.

A concesión do uso privativo do dominio público municipal outorgarase por licitación pública de acordo co establecido no artigo 78.2. do Regulamento de bens das entidades locais, Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, e demais consideracións da normativa patrimonial e contractual de aplicación, e con arranxo ás cláusulas do presente prego e de prescricións técnicas e tramitarase de maneira ordinaria.

ENTIDADE TRAMITADORA: Sección de contratación * Rúa Presidente Salvador Allende 6-8 * 15705 * Tel. 981 543 033 * contratacion@santiagodecompostela.gal *
CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal *

Admisibilidad de variantes: non se prevén variantes.

CLÁUSULA 11ª.-CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E A SÚA AVALIACIÓN.

Establécese como único criterio de adxudicación da concesión o da mellor oferta económica do canon anual, valorándose como mellor oferta a que propoña unha maior mellora á alza sobre o tipo mínimo de licitación.

CLÁUSULA 12ª.-PUBLICIDADE.

O anuncio de licitación do contrato publicarase no BOP e no perfil de contratante do Concello de Santiago.

No mesmo as empresas interesadas poderán acceder á información referente aos requisitos necesarios para concorrer aos contratos, Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como á composición, forma de designación, convocatoria e actas da Mesa de Valoración. En calquera caso, conterá toda a información de tipo xeral que poida utilizarse para relacionarse co órgano de contratación como puntos de contacto, número de teléfono e de fax, dirección postal e dirección electrónica, informacións, anuncios e documentos xerais, así como a información particular relativa aos contratos que celebre.

O acceso público efectuarase a través desta ligazón:

https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma

Por medio do portal da web do Concello de Santiago de Compostela:

(http://santiagodecompostela.gal/e_santiago/contratacions.php?lg=gal)

CLÁUSULA 13ª.-PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O prazo para a presentación de proposicións será de trinta días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no BOP. No caso de que o último día para a presentación de ofertas coincida cun día inhábil, entenderase prorrogado devandito prazo ata o primeiro día hábil seguinte ao prazo de finalización inicialmente previsto.

Unha vez presentada unha proposición, non poderá ser retirada baixo ningún pretexto.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

A presentación de proposicións supón a aceptación incondicional polo empresario do contido da

ENTIDADE TRAMITADORA: Sección de contratación * Rúa Presidente Salvador Allende 6-8 * 15705 * Tel. 981 543 033 * contratacion@santiagodecompostela.gal *
CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal *

totalidade das cláusulas ou condicións previstas nos pregos que rexen o contrato, sen excepción ou reserva algunha.

CLÁUSULA 14ª.-FORMA E CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS.

As proposicións constarán de sobres ou arquivos electrónicos, identificados no seu exterior do seguinte xeito:

Referencia do expediente:

a. Nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora.
b. Números de teléfono
c. Enderezo de correo electrónico
d. Sinatura do licitador ou persoa que o represente.

En todo caso, o Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos, cando consideren que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou fiabilidade da declaración. En tal caso os licitadores requiridos deberán presentar a documentación solicitada no prazo máximo de cinco días hábiles. No caso de defectos ou omisións subsanables concederase prazo non superior a tres días para a sua subsanación.

CONTIDO DOS SOBRES

Sobre UNICO: Documentación xeral e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliables mediante fórmulas para a concesión administrativa do uso privativo do dominio público municipal para a explotación do bar-cafetaría sito na Granxa do Xesto.

Contido:

1. **Declaración responsable e a oferta de criterios avaliables mediante fórmulas.**

Presentarase redactada consonte o modelo establecido nos **anexos I**, **II e III** deste prego. Non se aceptarán aquelas que conteñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente o que a Administración entenda como fundamental para considerar a oferta.

Se algunha proposición non garda concordancia coa documentación examinada e admitida, excede do orzamento base de licitación, varía substancialmente do modelo establecido ou comporta erro manifesto no importe da proposición, ou se existe recoñecemento por parte da empresa licitadora de que inclúe erros ou inconsistencias que a fagan inviable, a mesa de contratación rexeitaraa inmediatamente mediante unha resolución motivada. Non será causa abonda para o rexeitamento o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo se isto non altera o seu sentido.

ENTIDADE TRAMITADORA: Sección de contratación * Rúa Presidente Salvador Allende 6-8 * 15705 * Tel. 981 543 033 * contratacion@santiagodecompostela.gal *
CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal *

Acreditación de que cumpre o disposto no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, segundo o cal aqueles licitadores que teñan un número de traballadores no seu cadro de persoal igual ou superior a cincuenta estarán obrigados a contar cun 2% de persoas con discapacidade empregadas ou a adoptar as medidas alternativas previstas no Real decreto 364/2005, do 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva a favor dos traballadores con discapacidade.

Os interesados deberán incluír na súa proposición unha relación detallada dos medios persoais e materiais que se comprometen a adscribir á execución do contrato, o plan de acción proposto, así como toda a documentación requerida no prego de prescricións técnicas.

Os licitadores deberán aportar, en calqueira caso:

- Especificación das calidades dos productos e artigos ofertados.

- Plantilla de persoal que se compromete a manter para a prestación do servizo.

- Equipo técnico e material que se compromete a poñer a disposición do servizo.

- Relación de prezos dos artigos a expender na cafetería.

Así mesmo, os licitadores aportarán unha proxección económica e orzamentaria que demostre a viabilidade económica do proxecto presentado pola entidade concursante.

Será motivo de **exclusión** da licitación que a documentación incluída neste sobre **non estea subscrita na súa totalidade pola persoa titular da empresa licitadora e non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran, asinada tamén pola persoa titular da empresa licitadora,** na que declare baixo a súa responsabilidade seren certos os datos achegados.

2. **Unións temporais de empresas**

Deberán presentar unha **única** declaración responsable, consonte os modelos do **anexo II** e **anexo III**, e a oferta referente aos criterios avaliables mediante fórmulas subscritas por todas as entidades que constitúan a UTE.

Así mesmo, achegarán **o compromiso** de que as empresas van constituír a unión temporal tal como esixe o apartado 3 do artigo 69 da LCSP, cunha duración que será coincidente, cando menos, coa do contrato ata a súa extinción.

No escrito de compromiso indicaranse: os nomes e circunstancias dos que a constitúan; a participación de cada un deles, así como a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultaren adxudicatarias do contrato. O citado documento deberá estar asinado polas persoas representantes de cada unha das empresas que compoñen a unión.

ENTIDADE TRAMITADORA: Sección de contratación * Rúa Presidente Salvador Allende 6-8 * 15705 * Tel. 981 543 033 * contratacion@santiagodecompostela.gal *
CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal *

3. **As empresas vinculadas.**

As empresas pertencentes a un mesmo grupo (empresas vinculadas) entendendo por tales as que se encontren nalgún dos supostos do artigo 42 do Código de Comercio, e que presenten distintas proposicións para concorreren individualmente á adxudicación, deberán presentar declaración na que fagan constar esta condición.

Tamén deberán presentar declaración explícita aquelas sociedades que, presentando distintas proposicións, concorran nalgún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio a respecto dos socios que a integran.

CLÁUSULA 15ª.-COMISIÓN DE VALORACIÓN.

A comisión de valoración estará constituída do modo seguinte:

Presidente: O concelleiro delegado de medio ambiente, convivencia e informática ou, de non o haber, calquera outro no que expresamente delegue o alcalde.

Vogais:

O economista da oficina orzamentaria.
O director da Asesoría Xurídica Municipal, ou persoa que o substitúa.
A interventora xeral municipal, ou persoa que o substitúa
Actuará como secretario o xefe da Sección de Contratación.

Ás reunións da comisión poderán incorporarse os funcionarios ou asesores especializados que resulten necesarios, segundo a natureza dos asuntos a tratar, os cales actuarán con voz pero sen voto, mentres que todos os membros da comisión terán voz e voto, excepción feita do Secretario, que só terá voz.

CLÁUSULA 16ª.-CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA. VALORACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.

A apertura dos sobres que conteñen a proposición levarase a cabo pola comisión de valoración pola orde que proceda de acordo co establecido no artigo 145 en función do método aplicable para valorar os criterios de adxudicación previstos nos pregos.

Xa que esta licitación esixe a presentación dun único sobre, a comisión de valoración procederá á súa apertura e lectura nun acto público.

Finalizado o acto público, na mesma sesión, a comisión cualificará a declaración presentada polas empresas.

ENTIDADE TRAMITADORA: Sección de contratación * Rúa Presidente Salvador Allende 6-8 * 15705 * Tel. 981 543 033 * contratacion@santiagodecompostela.gal *
CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal *

De ser posible na mesma sesión, despois de excluír, se é o caso, as ofertas que non cumpran os requisitos do prego, a comisión procederá a avaliar e clasificar as ofertas.

Ademais, en caso de que se produza o empate entre dúas ou máis ofertas, aplicarase o réxime de desempate establecido neste prego.

Posteriormente, a comisión realizará a proposta de adxudicación a favor da candidatura con mellor puntuación. A comisión comprobará que a empresa proposta como adxudicataria está debidamente constituída, que a persoa que asina a proposición ten poder bastante para formular a oferta, que posúe a solvencia económica, financeira e técnica ou, se cómpre, a clasificación correspondente, e que non está incursa en ningunha prohibición para contratar.

Así mesmo, a comisión requirirá á empresa que obtivo a mellor puntuación a documentación necesaria para a adxudicación e, en seu caso, calquera outra que non figure inscrita no rexistro de licitadores que estableza o prego.

III
PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN. REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN. CONSTITUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA. ADXUDICACIÓN. PERFECCIÓN E FORMALIZACIÓN

CLÁUSULA 17ª.-PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

A proposta de adxudicación realizada a favor do candidato que presentase a mellor oferta non crea dereito algún en favor do licitador proposto, que non os adquirirá, fronte á Administración, mentres non se formalizou o documento administrativo.

En caso de non existir ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no prego, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela poderá declarar deserta a convocatoria.

CLÁUSULA 18ª.-REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.

Unha vez realizadas as actuacións anteriores, a comisión de valoración, requirirá á empresa que presentou a mellor oferta, para que, dentro do prazo de dez días hábiles que se contarán desde o envío do requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato e constituír a **garantía definitiva** por valor de **2.000 euros.**

Se non se cumpre adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta e procederase.

ENTIDADE TRAMITADORA: Sección de contratación * Rúa Presidente Salvador Allende 6-8 * 15705 * Tel. 981 543 033 * contratacion@santiagodecompostela.gal *
CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal *

De concorrer este suposto solicitarase a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

O prazo máximo para resolver o procedemento será de seis meses. Poderá considerarse desestimada a solicitude en caso de non notificarse a resolución dentro deste prazo.

A garantía definitiva poderá constituírse en efectivo, mediante aval, en valores públicos ou por contrato de seguro de caución. O seu importe ou a documentación acreditativa correspondente depositarase na Tesourería Municipal.

A garantía **non** poderá constituírse en forma de retención do prezo, pola propia natureza da concesión.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias realizarase presentando a documentación que se indica a seguir, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas:

. Certificación de alta no censo de actividades económicas referida ao epígrafe que faculte para exercer as actividades que corresponden ao obxecto do contrato e ao seu ámbito territorial.
. Certificación de estar ao corrente nas obrigas coa Axencia Tributaria Estatal.
. Certificación de estar ao corrente nas obrigas coa Xunta de Galicia.

A empresa que non estea obrigada a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigas tributarias deberá acreditalo mediante declaración responsable.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social realizarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto que deba terse en conta algunha exención, deberá facer constar esta circunstancia mediante declaración responsable.

O Concello comprobará de oficio que a empresa licitadora proposta como adxudicataria non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela.

As persoas estranxeiras, sexan físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por unha autoridade competente no país de procedencia que acredite que están ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, presentarán unha certificación, tamén expedida por unha autoridade competente, na que se acredite que están ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado terá que referirse aos doce últimos meses.

CLÁUSULA 19ª.-ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN.

ENTIDADE TRAMITADORA: Sección de contratación * Rúa Presidente Salvador Allende 6-8 * 15705 * Tel. 981 543 033 * contratacion@santiagodecompostela.gal *
CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal *

A adxudicación será motivada, notificarase aos intersados e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante.

CLÁUSULA 20ª.-PERFECCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Concluírdo o procedemento da concorrencia para a determinación do titular da concesión, formalizarase este en documento administrativo.

CLÁUSULA 21ª. ENTREGA DOS BENS.

De modo simultáneo á subscrición do documento de concesión levantarase Acta de Entrega das instalacións, onde se fará constar o estado das mesmas.

IV
DEREITOS E OBRIGAS. EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 22ª.-DEREITOS DO CONCESIONARIO.

Ademais dos que se desprenden deste Prego de Clausulas Administrativas Particulares e dos que resulten da aplicación das normativas de carácter técnico e de carácter supletorio ten os dereitos seguintes:

a) Ocupar o local e zona contigua destinada a Bar-Cafetaría obxecto da presente concesión e ser mantido pacíficamente nela, durante o prazo de duración da mesma.
b) Usar e gozar do local e zona contigua destinada a Bar-Cafetaría durante o prazo de duración da concesión administrativa.
c) Obter os beneficios orixinados pola explotación do Bar-Cafetaría.
d) Dispor dos accesos e saídas precisos para os usuarios e vehículos que accedan tanto á parcela como ao Bar-Cafetaría.
e) Realizar as obras de mantemento, revisión adaptación e mellora técnica que en cada momento sexan precisas ou veñan impostas por normas de carácter técnico ou xeral, debendo obter para iso as licenzas administrativas e autorizacións precisas; en ningún caso, tales obras poderán supor ampliación da superficie e subsolo ocupados orixinariamente.
f) O adxudicatario terá dereito ao uso e explotación do bar-cafetaría, con todas as facultades necesarias para a prestación da actividade. En consecuencia, o adxudicatario queda autorizado á venda de bebidas e comidas propias da actividade, de acordo coa normativa legal vixente.

CLÁUSULA 23ª.-OBRIGAS E DEBERES DO CONCESIONARIO.

Ademais dos que se desprenden deste Prego de Clausulas Administrativas Particulares, do Prego de prescricións Técnicas e das que resulten da aplicación das normativas de carácter técnico e xerais de

ENTIDADE TRAMITADORA: Sección de contratación * Rúa Presidente Salvador Allende 6-8 * 15705 * Tel. 981 543 033 * contratacion@santiagodecompostela.gal *
CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal *

carácter supletorio, así como das instrucións que poida ditar a empresa concesionaria o responsable do contrato, o concesionario ten as obrigas seguintes:

1. Levar a cabo a ocupación privativa e goce do local e zona anexa destinada a Bar-Cafetaría consonte ao obxecto da presente licitación, así como aos usos e actividades admitidos polo Plan Xeral de Ordenación Urbanística de Santiago de Compostela vixente. A presente obriga é cualificada como esencial.

2. Abonar o canon concesional nos prazos e do modo establecido na Base 6ª do presente Prego. Obriga esencial.

3. Prestar a garantía definitiva esixida neste Prego.

4. Formalizar o correspondente documento administrativo de cesión dentro do prazo de quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación.

5. Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, así como de calquera imposto, tributo ou taxa que lle puidese corresponder. Obriga cualificada como esencial.

6. Explotar o local destinado a Bar-Cafetaría, pondo en funcionamento o mesmo no prazo de 60 días a contar desde a subscrición do contrato de concesión administrativa. Obriga esencial.

7. Obter todas as autorizacións administrativas necesarias para o desenvolvemento e explotación da actividade que forma parte do obxecto de contrato, debendo obter as preceptivas autorizacións, licenzas e permisos tanto municipais como contratos de empresas subministradoras que fosen necesarias, para a posta en marcha do Bar-Cafetaría, debendo proceder a independizar a subministración de auga, luz eléctrica, así como calquera outro subministración con contadores individuais. Obrigas consideradas como esenciais.

8. Respectar o obxecto e límites da concesión, sen que poida destinarse a actividade distinta a iso, aínda que resultaren compatibles. Obriga esencial.

9. Manter durante toda a vixencia da concesión o ornato, limpeza e conservación do inmoble e espazos da súa contorna utilizados para a actividade obxecto da concesión.

10. O concesionario non poderá realizar novas obras de carácter permanente, nin reformar as existentes, sen a previa autorización do Excmo. Concello de Santiago de Compostela. Para que poidan autorizarse e executarse será preciso achegar memoria, planos e orzamentos das obras ou proxecto, se fose necesario. Todas as melloras que se unan quedarán de propiedade do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, non podendo o concesionario solicitar cantidade algunha por iso nin durante nin ao finalizar a vixencia da concesión. Obrigas ás que se atribúe a clasificación de esenciais.

ENTIDADE TRAMITADORA: Sección de contratación * Rúa Presidente Salvador Allende 6-8 * 15705 * Tel. 981 543 033 * contratacion@santiagodecompostela.gal *
CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.gal *

11. Facilitar a inspección en todo momento das construcións e instalacións da mesma, por parte dos Servizos Técnicos da Corporación Local.

12. Cumprir coa normativa vixente en materia fiscal, seguridade social, laboral (o persoal ao seu servizo deberá cumprir con todas as normativas de seguridade e hixiene no traballo e será da súa exclusiva responsabilidade o incumprimento), e levar a cabo a actividade á que está destinado o Bar-Cafetaría segundo as normas reguladoras do sector correspondente, quedando o Excmo. Concello de Santiago de Compostela exonerado de responsabilidade por tales conceptos.

13. O persoal que preste servizo nas instalacións obxecto da concesión deberá estar en posesión, en todo momento, do correspondente carné de manipulador de alimentos e demais requisitos esixidos segundo a normativa que resulte de aplicación na materia.

14. Abonar o importe dos danos e prexuízos que se puidesen ocasionar ou causar aos bens de dominio público obxecto da concesión ou ao uso xeral dos mesmos, realizando pola súa conta, de acordo co persoal do Concello de Santiago de Compostela, cantas reparacións sexan necesarias, respondendo mesmo as deterioracións producidos polos usuarios do local destinado a Bar-Cafetaría, devolvendo as instalacións obxecto da concesión á finalización da mesma, no mesmo estado en que se recibiron.

15. Formalizar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que de cobertura aos danos causados a terceiras persoas ocasionados polas instalacións ou calquera dos elementos comúns, así como polas accións ou omisións do propio concesionario ou das persoas que traballen pola súa conta e dos cales o Concello de Santiago de Compostela non se fai responsable baixo ningún concepto.

16. O concesionario deberá ter, en todo momento, a disposición dos usuarios follas de reclamacións oficiais, que lle serán facilitadas pola administración. En lugar visible, no Taboleiro de Anuncios dentro das instalacións do Bar-Cafetaría, porase un anuncio advertindo da existencia destas follas, que serán facilitadas inmediatamente polo concesionario a calquera usuario que desexe formular unha reclamación. O adxudicatario remitirá á administración correspondente, no mesmo día ou no día hábil seguinte, o exemplar de reclamacións co seu informe

17. Asumir e custear a limpeza e mantemento do espazo vinculado no exterior do Bar-Cafetaría, así como os arredores que teña como causa da suciedade o exercicio da actividade obxecto de concesión administrativa.

